

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 8 DE FEBREIRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1710/2017.- SEVERINO FIGUEIRAS LESTÓN.- Conceder licenza para remodelación de vivenda en planta 3 e de ampliación de Baixo cuberta na avda. Quiroga Palacios nº 67.-

LIC/1868/2017.- INMOBILIARIA BRICOLAJE BRICOMART S.L.U.- Conceder licenza de ampliación de marquesiña na Rúa do Pais Vasco nº 6.-

LIC/1044/2018.- ANDRÉS FONTÁNS RODRÍGUEZ.- Aceptar a cesión de viario e conceder licenza para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Reborido.-

LAP/61/2017.- GALP ENERGIA ESPAÑA S.AU. – Conceder licenza de obras para construción dunha estación de servizo na Rúa Pais Vasco nº 6.-

RECURSO DE REPOSICIÓN.-

LAP/232/2014.- ÁRIDOS C.N.C, S.L.- Rexeitar o recurso de reposición interposto por Asociación Ambiental Adianatium e rexeitar o recurso de reposición interposto por Tecnosolos Galaicos S.L. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/07/2018.

1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para remodelación de vivenda en planta 3 e de ampliación de baixo cuberta na avda. Quiroga Palacios nº 67.- LIC/1710/2017. Apróbase a proposta.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para ampliación de marquesiña na Rúa do Pais Vasco nº 6.- LIC/1868/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario e concesión de licenza para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Reborido.- LIC/1044/2018. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para construción dunha estación de servizo na Rúa Pais Vasco nº 6.- LAP/61/2017. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento dos recursos de reposición interpostos pola Asociación Ambiental Adianatium, e por Tecnosolos Galaicos S.L. contra o acordo da sesión de data 13/07/2018.- LAP/232/2014. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á revisión de oficio do acordo de pagamento de indemnización a VARSILSANT, S.A. na reparcelamento da UA-2 do PERI-7. Rúa de Amor Rubial (Ponte Pedriña).- Expediente XPL/1/2019. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación inicial do Estudio de detalle das parcelas

B4B01D e B4B01E do Parque Empresarial da Sionlla.- Expediente PLA/14/2018. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión a este Concello dunha subvención ao transporte colectivo urbano interior. Dáse conta da concesión dunha subvención ao transporte colectivo urbano interior por importe de 439.642,50 euros

9.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía dando conta da xustificación da subvención para o mantemento de conservatorios, escolas de Música e escolas de danza municipais durante o ano 2018. Dase conta da xustificación da subvención concedida pola Deputación da Coruña ao Concello de Santiago para a Escola Municipal de Música, por un importe de 10.000 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á solicitude dunha subvención á Deputación provincial da Coruña para o mantemento de conservatorios, escolas de Música e escolas de danza municipais durante o ano 2019. Programa FO207/2019. Acórdase solicitar á Deputación da Coruña unha subvención por un importe de 10.000 euros.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Mobilidade e Informática relativa á adhesión do concello de Santiago de Compostela ao convenio marco subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente e ECOVIDRIO para a reciclaxe dos envases de vidro. Acórdase a adhesión do Concello ao convenio marco asinado entre a Xunta de Galicia e a Sociedade Ecolóxica para a Reciclaxe dos Envases de Vidro, ECOVIDRIO, que se materializará coa sinatura do convenio, cunha vixencia de catro anos.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á designación do director do contrato de:

- Lote 2 do servizo de execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios municipais do termo municipal, excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago (2018-2020).

- Lote 1 do contrato de viarios con pavimentos asfálticos.

- Lote 2 do contrato de viarios con pavimentos asfálticos.

- Lote 3 do contrato de viarios sen pavimentos de rodadura específicos.

Apróbase a proposta.

13.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa ao pagamento a don José Antonio Salvado López, do consumo de enerxía eléctrica do local sito na Corredoira das Fraguas,37 baixo destinado a uso sociocultural e asociativo do barrio de San Pedro. Apróbase a proposta.

14.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais da resolución de asignación de transferencias finalistas correntes para o financiamento dos servizos sociais comunitarios do concello de Santiago, ano 2018, pola Xunta de Galicia. Dase conta da asignación, por parte da Xunta de Galicia, da contía de 234.812,59 euros para o financiamento dos servizos sociais comunitarios.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aceptación da subvención da Dirección Xeral de Formación e Emprego para a posta en marcha do programa integral “Santiago E-COM”. Acórdase aceptar a subvención da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, por importe de 175.340,74 euros, para a posta en práctica do programa integrado en materia de emprego “Santiago E-COM”, que conta cun orzamento total de 219.175,92 euros.

Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

2.-Proposta da concelleira de Acción Cultural relativa á aprobación das bases do concurso do martes de Entroido 2019. Apróbase a proposta

3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación para a celebración do contrato baseado no acordo marco para a contratación do subministro de electricidade en alta e baixa tensión pola central de contratación da FEMP. Acórdase adxudicar o contrato de subministro de electricidade en alta e baixa tensión pola Central de Contratación da FEMP á empresa Naturgy Iberia.

4.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á adxudicación do contrato do Servizo para acción formativa no manexo de smartphones e tablets para persoas maiores no marco do proxecto europeo Atlantic Social Lab, ao abeiro da iniciativa comunitaria Interreg Atlantic Area e financiado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Acórdase declarar deserta a licitación

5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento, e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á resolución do contrato para a execución das obras de reparación da rúa Escarabuña e anexas (POS 2015). Acórdase declarar a caducidade do expediente de resolución do contrato formalizado coa empresa Construcciones Taboada ramos SL para a execución das obras de Reparación da rúa Escarabuña e anexas (POS 2015). Acórdase incoar un novo expediente de resolución do contrato, dando audiencia ao contratista e á entidade avalista, Banco Pastor, por un prazo de 15 días hábiles.

6.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á selección da operación “Faino Ti” a efectos de que sexa tramitada a súa aprobación perante a Autoridade de Xestión do Programa Operativo Plurirrexional de España da Dirección Xeral de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda. Apróbase a proposta.

7.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da recepción das obras de urbanización executadas pola Xunta de Compensación do SUNP-25 de Roxos na subfase II. Apróbase a proposta

8.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial para dar conta da resolución do TACGal relativa ao recurso interposto por Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA e Elsamex SA contra a adxudicación do contrato para a execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o recinto intramuros. Dase conta do resolución que rexeita o citado recurso, levántase a suspensión do procedemento acordado polo TACGal e requírelle ao adxudicatario do contrato, Obras y Viales de Galicia SL, para que formalice o contrato nun prazo no superior a cinco días naturais a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento.